

nota de prensa

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN SUPERCOMPUTACIÓN ENTRE O CESGA E A FCSCCL

- **O Convenio entre o Centro de Supercomputación de Galicia e o de Castilla y León vén formalizar a estreita relación que xa manteñen ambos os centros.**
- **O primeiro Cloud HPC entre centros de España é resultado da cooperación entre as dúas institucións.**

Santiago, 27 de Abril de 2011.- A Fundación Centro de Supercomputación de Castilla-León (FCSC) e a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), formalizaron hoxe na Delegación territorial da Junta de Castilla-León en León, un Convenio de Colaboración na área de Supercomputación, que desenvolve e dá contido concreto na área de I+D+i aos acordos marco xa existentes entre os gobernos destas comunidades.

O Consejero de Fomento da Junta de Castilla y León e Presidente da FCSC, **Antonio Silván Rodríguez**, e o Director Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia e Presidente do CESGA, **Ricardo Capilla Pueyo**, acompañados polos Directores de ambos os Centros, rubricaron o Convenio en virtude do cal ambos os centros se fixan metas específicas de colaboración en supercomputación. Para iso realizarán tarefas de elaboración dun Plan de Formación complementario ao dos Centros, un Plan conxunto de Difusión e Divulgación da computación de altas prestacións, así como un Plan de mobilidade de Investigadores e Tecnólogos entre Centros. Preténdese tamén constituír un Grupo de Traballo Técnico inter-centros para a optimización de recursos e nivel de satisfacción dos usuarios.

Este acordo nace impulsado polo Protocolo Xeral de Colaboración entre a Xunta de Castilla y León e a Xunta de Galicia, asinado en xaneiro de 2010, que proporciona o marco para acordos e convenios de colaboración específicos en até 21 áreas distintas. En concreto, a área de Infraestruturas de comunicación e transportes contempla concretamente a colaboración entre ambos os centros de supercomputación, *“xa que ambos constitúen un elemento fundamental no apoio ao desenvolvemento de programas de investigación e innovación nas súas respectivas Autonomías en particular e España en xeral, mediante o uso do cálculo intensivo”*.

Desde a fase de instalación e proba do Supercomputador CALÉNDULA, o FCSCCL e o CESGA mantiveron unha excelente colaboración de asesoramento e cooperación que, desde entón está a dar resultados de enorme interese para o desenvolvemento de vangarda da investigación en Servizos de Supercomputación.

CLOUD ENTRE CENTROS

Así o pasado mes de Outubro o CESGA e o FCSCCL realizaron a primeira experiencia internacional de cloud de Computación de Altas Prestacións (HPC) entre centros de Supercomputación de España. O grupo “Scientist Against Malaria” (SAM), solicitou con urxencia capacidade de computación para o cribado virtual dunha quimioteca de máis de 300.000 compostos químicos orixinais, a estudar sobre unha diana terapéutica e posteriormente desenvolver novos fármacos contra o parasito Plasmodium, causante da Malaria. Para dar resposta ao reto computacional que se lles expuña no tempo solicitado, e

nota de prensa

sen prexudicar o traballo dos demais usuarios de ambos os centros, o CESGA e o FCSCCL desenvolveron un Cloud HPC híbrido, utilizando o equipamento de computación e almacenamento distribuído entre ambas as institucións.

Empregouse o Cloud xa desenvolvido para o Proxecto NUBA, no que participa o CESGA, e estendérono ao equipamento do FCSCCL. A xestión entre ambos os centros realizouse empregando o software para computación Cloud desenvolvido tamén en España, “Open Nebula”, co que se xestionaron os nodos de ambas as localizacións, despregando máquinas virtuais indistintamente nunha ou outra institución en función de criterios de optimización dos recursos de computación. Para a conexión dos centros empregouse a Rede de Investigación e Académica RedIRIS, que proporcionou o ancho de banda necesaria para a experiencia. En opinión dos científicos participantes, a colaboración entre ambos os centros demostrouse como un apoio fundamental no desenvolvemento da investigación de grupos internacionais e un paso máis na investigación das tecnoloxías cloud para servizos de computación.

O éxito da experiencia abriu paso a novas colaboracións, que hoxe se consolidan coa formalización deste Convenio de Colaboración entre centros, ao amparo do Protocolo Xeral de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Xunta de Castilla y León de Xaneiro de 2010, e dentro dos parámetros das políticas de cooperación entre Galicia, Castilla-León e Norte de Portugal na creación dun Macrorrexión de Rexións.

O FCSCCL

A Fundación é unha entidade pública creada en 2008 que ten por obxecto a mellora das tarefas da investigación da Universidade, dos Centros de Investigación e das empresas de Castilla y León promovendo accións de innovación: no mundo da Sociedade do Coñecemento, na área de cálculo intensivo, as comunicacións, e os servizos avanzados, contribuíndo mediante o perfeccionamento tecnolóxico ao desenvolvemento económico da Comunidade e á mellora da competitividade das empresas. A FCSCCL depende da Consejería de Fomento da Junta de Castilla-León.

O CESGA

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) que depende da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), é un organismo cunha traxectoria de 18 anos. O seu obxecto é investigar, fomentar, difundir e prestar servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galega e do CSIC, así como a aquelas empresas ou institucións que o soliciten.

CONTACTO:

Dep. Promoción e Comunicación CESGA

promocion@cesga.es

981 569 810